




PARA COMEZAR

1. Que representa o cadro? Fai a descrición do que aparece nel.
2. Para poder vivir nunha illa deserta, é necesario organizarse ben, planificar o que se vai facer marcando prioridades para garantir a supervivencia. Dálles razóns convincentes aos teus compañeiros e compañeiras que fagan ver que esa afirmación é real.
3. Busca a palabra *organizar* no dicionario e comenta cal é a acepción máis apropiada para o que se expuxo na actividade anterior.

Proposta lúdica

4. Imaxínade que sodes os únicos sobreviventes dun naufraxio. Chegastes a este lugar coa marea; arrastrou tamén algúns restos do barco: un baúl e unhas madeiras. Planificade como serían as próximas tres semanas tendo en conta estas fases: recoñecemento da illa, procura de alimentos e auga, organización do traballo, lugar e forma de vida, resposta ante posibles inimigos, posibilidades de rescate...

Contido do baúl recuperado: unha corda de 50 metros, unha caixa de 100 mistos, un rifle e munición, un bote de pintura branca, 25 litros de leite, dúas caixas de galletas (50 racións), unha caixa de urxencias cos produtos básicos, unhas tesoiras e unha machada. Sabendo cales son as pertenzas, poñede en común as estratexias para o seu uso.